



XUNTA DE GALICIA

CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN
E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO

INSTITUTO DE EDUCACIÓN SECUNDARIA
"LAURO OLMO"

Tif: 988 320 175 • Fax: 988 321 486

Rúa Calabagueiros s/n • 32300 O Barco (Ourense)

e-mail: ies.lauro-olmo.valdeorras@edu.xunta.es

web: www.ieslauroolmo.gal



HORARIOS PARA O DESENVOLVEMENTO DE ENSINO A DISTANCIA EN PERÍODOS DE PECHER DE AULAS OU CENTROS COMO CONSECUENCIA DA PANDEMIA DA COVID-19.

ORGANIZACIÓN DAS CLASES IES LAURO OLMO DE O BARCO

1º HORARIOS ESPELLO: Deixaremos os mesmos horarios. Nós entendemos que o 60% da carga lectiva mínima semanal deberá ser con vídeo conferencia e o 40% restante con tarefas.

2º ORGANIZACIÓN DAS CLASES: Debido a que é un centro onde impartimos ensinanzas moi variadas, Educación Secundaria, Bacharelato, Ciclos Formativos e Ensinanza de Adultos, e tendo en conta que cada materia ten as súas particularidades, deixamos liberdade para que o profesorado organice as súas clases.

- Profesorado que decidirá ter toda a sesión con vídeo conferencia nunha ou varias sesións e actividades no resto.
- Profesorado que iniciará as clases con vídeo conferencia co alumnado, repartindo o tempo: unha para explicación e outra para actividades, quedando o profesorado na súa sala persoal de "webex" para que o alumnado poda consultar dúbidas mentres realiza as actividades.
- Profesorado que fará actividades desde a aula virtual, onde o profesorado pode empregar a o recurso "conversa" para interactuar co alumnado mentres realiza as actividades indicadas.
- Uso do correo electrónico ieslauroolmo.org, para envío e recepción de materiais.

3º-DEBERES- Recomendamos que se fagan en horario de mañá, sobre todo en cursos da ESO, deixando as tardes para reforzar, repasar e estudar o que se tratou nas clases da mañá, así como na preparación de exames.

4º ALUMNADO CON NEE. Manteranse os horarios, só teremos en conta as dificultades para conectarse que pode ter este alumnado.